

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 18 de abril de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública a separata para información pública do proxecto de construción do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: mellora de seguridade viaria (MSV) no contorno de treitos de concentración de accidentes na estrada PO-551, punto quilométrico 7+800 a 8+800, de clave PO/17/141.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados.

Para os efectos previstos no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, sométese ao trámite de información pública o documento do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: MSV no contorno de treitos de concentración de accidentes na estrada PO-551, p.q. 7+800 a 8+800, de clave PO/17/141.06.

Este proxecto ten por obxecto definir, xustificar e valorar as obras necesarias para levar a cabo unha serie de actuacións que permitan evitar ou mitigar a accidentalidade que se vén producindo nos últimos anos no treito considerado. O ámbito de actuación afecta o termo municipal de Bueu, provincia de Pontevedra. A actuación comeza no p.q. 7+690 á altura da praia de Lapamán e remata no p.q. 10+800, cerca do cruzamento coa rúa Montero Ríos e do camiño de Canceliña.

As obras previstas comprenden as seguintes actuacións:

– Unha nova senda peonil, pola marxe dereita da PO-551, entre o p.q. 7+690 e o p.q. 7+890, que dá continuidade á proxectada entre Vilaseca e Lapamán (PO/16/045.06); e posterior continuidade deste no treito p.q. 8+790-9+030.

– Execución de novas rotondas, na intersección do p.q. 7+900, que mellora o acceso á praia de Lapamán; e no p.q. 8+830, que permite o cambio de sentido ao final do treito de concentración de accidentes.

– Unha raqueta con carril central no p.q. 8+950.

– Medidas para a mellora da seguridade viaria no treito de concentración de accidentes entre as rotondas proxectadas:

• Prohibición de xiros á esquerda nas interseccións.



- Execución dunha mediana non atravesable de 1 m de largo mediante liñas de cebra, reducindo así os carrís de circulación a 3 m de largo.

- Redución da velocidade mediante unha nova sinalización vertical.

- Outras medidas complementarias: colocación de captafaros en medianas e beiravías, marcas viarias rugosas para o bordo da calzada, substitución de barreiras de protección con perfil IPN por unhas novas de perfil tubular.

- Semaforización dos pasos de peóns en p.q. 9+450 e p.q. 9+910.

- Mellora da seguridade de 2 pasos de peóns: colocación de reforzo lumínico e sinalización intelixente.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o proxecto de construción sométese ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, se someta a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (rúa Fernández Ladreda, 43, 1º-4º, 36071 Pontevedra), na Casa do Concello de Bueu (Eduardo Vicenti, 8, 36930 Bueu. Pontevedra).



Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Vivenda (http://civ.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas), atópase á disposición dos interesados o documento para información pública do proxecto de construción.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2018

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Proxecto de construción do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: MSV no contorno de treitos de concentración de accidentes na estrada PO-551, p.q. 7+800 a 8+800, clave PO/17/141.06

Concello de Bueu.

Nº	Referencia catastral	Titular	Situación básica (RD 7/2015)	Clasificación (PXOM)	Uso catastro	Sup. (m ²)	Bens afectados	Afección
1	36004A04900011	En investigación, art. 47 da Lei 33/2003	Rural	SRPI-SRPC	Agrario	42,03	Pequena edificación de pedra	14,40 m ³
2	36004A04900013	García Torres, Manuel	Rural	SRPI-SRPC	Agrario	179,80		
3	36004A04900015	Cendón Freire, Consuelo (herdeiros de)	Rural	SRPI-SRPC	Agrario	114,30		
4	36004A04900020	Entenza Freire, Rosario	Rural	SRPI-SRPC	Agrario	82,56		
5	36004A04900021	Parada Cerqueiro, José Omil Cabanelas, María	Rural	SRPI-SRPC	Agrario	59,42		
6	36004A04900026	Arias Barreiro, Luis	Rural	SRPI-SRPC	Agrario	80,75		
7	36004A04900027	Arias Barreiro, Luis	Rural	SRPI-SRPC	Agrario	102,50		
8	36004A04900030	Freire, Manuel	Rural	SRPI-SRPC	Agrario	68,80		
9	36004A04900031	Concello de Bueu	Rural	SRPI-SRPC	Agrario	48,40		
10	36004A05000112	Parada Cerqueiro, José	Rural	SRPI-SRPC	Agrario	8,80		
11	36004A05000014	Atrio Abad, Emilio	Rural	SRPI-SRPC	Agrario	11,70		



Nº	Referencia catastral	Titular	Situación básica (RD 7/2015)	Clasificación (PXOM)	Uso catastro	Sup. (m ²)	Bens afectados	Afección
12	36004A05000114	Rúa Santaclar, Ángel Bastón Meira, Susana	Rural	SRPI-SRPC	Agrario	18,70		
13	36004A05000044	En investigación, art. 47 da Lei 33/2003	Rural	SRPI-SRPC	Agrario	803,45	Mura de pedra	29,00 m ²
14	36004A05000040	En investigación, art. 47 da Lei 33/2003	Rural	SRPC	Agrario	191,95		
15	36004A05000041	Riobó García, Manuel	Rural	SRPC	Agrario	73,90		
16	36004A05000042	Riobó García, Manuel	Rural	SRPC	Agrario	40,30		
17	36004A05000043	Riobó García, Manuel	Rural	SRPC	Agrario	12,40		
18	36004A05000045	En investigación, art. 47 da Lei 33/2003	Rural	SRPC	Agrario	31,20		
19	36004A04900303	Paz Cereijo, Sara e outros titulares	Urbanizado	SUC	Agrario	1,60		
20	36004A04900304	Río Rodríguez, José del	Urbanizado	SUC	Agrario	372,64		
21	36004A04900305	Omil Fazanes, José (herdeiros de)	Urbanizado	SUC	Agrario	42,70		
22	36004A02900019	Carballo Carballo, César	Urbanizado	SUC	Agrario	21,87	Banco de pedra	1,00 ud
							Peches de bloque	28,00 m ²
							Cerramento de ferro	13,00 m ²
							Cancela de ferro	1,00 ud
23	36004A02900054	Estévez García, Benito (herdeiros de)	Urbanizado	SUC	Agrario	29,61		
24	36004A02900154	Rivas Vázquez, Amelia Esther e outros	Urbanizado	SUC	Agrario	338,40	Malla de arame	35,00 m ²
							Mura de bloque	4,80 m ²
							Portón metálico	2,00 ud
							Peches de pedra	31,20 m ²
25	36004A02900057	Leal García, Emilia (herdeiros de)	Urbanizado	SUC	Agrario	125,70	Peches de pedra	9,60 m ²
							Peches de bloques	8,80 m ²
							Malla de arame	30,00 m ²
26	36004A02900058	Pouseu Riobó, María	Urbanizado	SUC	Agrario	116,82		
27	36004A02900059	García Torres, Vicente (herdeiros de)	Urbanizado	SUC	Agrario	103,30		
28	36004A02900060	García Lorenzo, José (herdeiros de)	Urbanizado	SUC	Agrario	13,14	Cancela de ferro	1,00 ud
							Peches de bloques	7,76 ml



Nº	Referencia catastral	Titular	Situación básica (RD 7/2015)	Clasificación (PXOM)	Uso catastro	Sup. (m ²)	Bens afectados	Afección
29	36004A02900061	García Lorenzo, José (herdeiros de)	Urbanizado	SUC	Agrario	31,37		
30	36004A04800314	Estévez García, Benito (herdeiros de) Loveira Torres, Encarnación (herdeiros de)	Urbanizado	SUNC	Agrario	366,16		
31	36004A04800313	Freire Garrido, Celia (herdeiros de)	Urbanizado	SUNC	Agrario	414,60		
32	36004A04800312	Freire Loveira, Gloria	Urbanizado	SUNC	Agrario	239,35		
33	36004A04800311	Loira García, Rosario	Urbanizado	SUNC	Agrario	17,80		
34	36004A04800306	Cerviño Pastoriza, Benito	Urbanizado	SUNC	Agrario	2,11		

